

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 12 DE XULLO DE 2023**

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00030940D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009285K.

Adxudicación de todos os lotes do contrato *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela.*

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle a DESIGN THINKERS AND MAKERS SL, todos os lotes do contrato *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela, cuxa oferta foi de:*

- Lote I – Única oferta presentada que cumpre cos requisitos establecidos nos pregos e presenta unha oferta económica de 86.413,36 € (base imponible 71.416,00 € máis IVE do 21% de 14.997,36 €).

Ademais, para este lote ofertou como melloras:

- Especialistas adicionais incorporados ao equipo de traballo por riba do número mínimo requirido: 10
- Programación de actividades abertas ao público xeral (cidadanía) por riba do número mínimo requirido polo PPT, cun mínimo de 2 horas de duración: 30
- Recursos económicos adicados ás medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios en función das necesidades de conciliación: 1% (sobre o orzamento base de licitación).

- Lote II – Por presentar a mellor oferta en relación calidade-prezo. Presenta unha proposición oferta económica de 69.021,30 € (base imponible 57.042,4 € máis IVE do 21% de 11.978,90 €).

Ademais, para este lote ofertou como melloras:

- Incorporación ao equipo de traballo de especialistas adicionais ao número mínimo requirido no PPT: 10
- Porcentaxe de orzamento destinado ás necesidades de conciliación: 1%

- Lote III – Única oferta presentada que cumpre cos requisitos establecidos nos pregos e presenta unha oferta económica de 13.279,08 € (base imponible 10.974,45 € máis IVE do 21% de 2.304,63 €).

Ademais, para este lote ofertou como melloras:

- Porcentaxe do orzamento destinado ás necesidades de conciliación: 1%.

Desígnase como responsable do contrato a técnica economista de Promoción Económica, Carne Casado Casado, de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 168.713,74 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 43300 2269900 (Código de Proxecto: 2018 3 EDUSI 3 Faino Ti).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029942P.

Prórroga do contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2023 ata o 15 de xullo de 2024, e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, propiedade de Laudina Mosquera Míguez, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2023 ata o 15 de xullo de 2024.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 2 de xaneiro de 2003, na súa cláusula cuarta establece que en caso de prórroga incrementarase a renda conforme a variación do Índice Xeral de Prezos ao Consumo, polo que se propón a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2022 ata xuño de 2023), a renda definitiva a partir de 16 de xullo de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2023. Para o mes de xullo de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 708,29 € mais IVE 21% (148,74 €), total: 857,03 €.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.284,36 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2023 (16/07/2023 ata 31/12/2023): 4.713,67 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 15/07/2024): 5.570,69 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de xuño de 2023 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 16 de xullo de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

